

# O Camiño de Santiago en Santa María de Morquintián



## De Frixte a Morquintián:

Sempre en liña recta, crúzase a carretera a Touriñán, que pasa preto de Loalo, por Guisamonde e ao pé dun cruceiro con fonte, éntrase en Morquintián, que conta con outra igrexa románica rural adicada á Virxe. Un desvío moi aconsellable é o do solitario e impresionante cabo Touriñán, co seu faro e panorámicas sobre o bravío litoral. Nas súas inmediacións están os templos románicos de San Martiño de Touriñán e de San Cristovo de Nemiña. A calzada real que unía Fisterra e Muxía, de Morquintián pasa a Vilela.

## De Morquintián a Muxía.

A partires deste punto caben dúas opcións:

- 1.- Seguir o camiño litoral pola esquerda, só sinalizado con marcos de pedra na partida, que percorre Martineto, Figueiroa e Lourido, desde onde se descende xa a Muxía e se disfruta de magníficas vistas.
- 2.- Tomar o camiño antigo á dereita, primeiramente sinalizado cunha frecha amarela no chan, logo tamén con marcos de pedra, que sobe ao Monte Facho de Lourido e logo desce dereito por Xurantes ata Lourido. Coa opción do interior afórnanse 2 km.

Bordeando a praia de Lourido entramos en Muxía pola cara contraria ó porto. Sempre en liña recta pola rúa da Atalaia, ata batemos coa punta do promontorio co Camiño da Pel, desde o que se acada unha insólita perspectiva do Santuario da Nosa Señora da Barca, co mar escumoso bañando as súas míticas pedras e o cabo Vilán ao fondo. Entón xa podemos seguir o camiño, que conduce directamente ao Santuario: "A Barca de Muxía", como é coñecido na zona.

## Igrexa de Santa María de Morquintián

A freguesía de Morquintián (topónimo referido a un nome familiar ou persoal que procede dunha Mor Quintián, que correspondería a un latino \*Maiore "Quintilane, con nome de orixe latina e apelido xermánico), aparece citada nunha longa relación de lugares doados pola igrexa de Santiago por don Pedro Fróilaz en 1113. Denominábase Santa María de Mour ou de Mauri, e dise que está en Nemancos, dato que posibilita a súa identificación. Pódese apuntar que a antiga igrexa medieval de Morquintián sería un edificio erguido cara os últimos anos do século XII ou primeiros do XIII, cun influxo claro de formas góticas nos seus elementos decorativos.

Antigamente foi matriz de Santa Locaia de Frixte. Un feito curioso acaeceu nesta parroquia a primeiros do século XIX, dentro do episodio da guerra contra os franceses: en 1809 don Pedro Lapido, cura párroco desta localidade, púxose ao fronte dun grupo de guerrilleiros, o que lle causou o alcume de O xeneral.



### Interior reformado nos primeiros do séc. XX.

No interior do templo nada conserva do seu primitivo cariz románico, máis alá da pranta. Unha reforma levada a cabo a primeiros do século XX substituíu algúns elementos da obra orixinal, coma a ábside e o arco triunfal, ou disimulou outros coma os muros, que aínda na actualidade permanecen encalados. O único vestixio medieval do interior son as dúas estreitas fiestras rematadas cun arco de medio punto e con derrame interno, situadas no muro norte da nave.

No exterior, situado no testeiro da ábside, aparece a figura dun león cunha cruz ás costas. Da súa cabeza destacan uns grandes ollos, orellas redondas e unha boca entreaberta cunha ringleira de agudos dentes; posúe unha abondosa melena e as súas extremidades anteriores rematan en amplas unllas. A súa expresión é de ferocidade,

probablemente con finalidade apotropaica, é dicir, de "poderoso efecto amezador". O león é símbolo de Cristo, un xuíz dos fregueses e defensor do templo.




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE  
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

### Canzorriños medievais.

Na beira do tellado dispónse dunha variada colección de canzorriños, algúns deles bastante deteriorados, que representan temas diversos: lisos, con temas florais ou os máis interesantes, con formas de animais e homes. Tres deles teñen figuración animal e especial mención merecen os dous cans de figuras humanas. O primeiro representa un músico que apousa a viola sobre o ombreiro esquerdo, mentras leva o arco coa man dereita. Semella carecer de roupas. Á súa dereita aparece un contorsionista colocado en posición invertida, arqueando as súas extremidades cara as costas. Ámbolos dous poden considerarse enmarcados nunha escea xogresca e decididamente profana, que se ve acentuada coa presenza contigua dun animal que leva unha das súas patas dianteiras á boca, coma desenvolvendo unha atracción circense.

O muro sur está composto por sillares ben asentados, e a el adosada consérvase unha capela. Tamén aparece unha decena de canzorriños na beira do tellado. A súa factura e temática alónxanos dos do muro norte, pois dispoñen dun cariz máis "gotizante". Os motivos son xeométricos e vexetais, propios da transición cara o gótico.



### O campanario, torre medieval.

Adosada ao muro norte da ábside construíuse unha sacristía rectangular, que debe ser contemporánea á reedificación do templo. Anexa a ésta polo norte consérvase unha torre de planta rectangular de pequena altura, que cumpre a función de campanario. A torre remata nunha estrutura piramidal, e o acceso ao interior realízase mediante unha estreita escaleira que parte da banda leste.

É excepcionalmente salientable este elemento, dado que non se coñecen demasiados exemplos de torres medievais en Galicia, excluindo os edificios catedralicios. A súa finalidade principal foi a de serviren de campanario, quizais por iso se empregaron con maior frecuencia as espadañas, de construción máis sinxela.



Lavadoiro Parroquial



Cruceiro de Morquintián



Fachada medieval.

A fachada presenta unha porta que ten un arco de medio punto moi rebaixado. Na parte alta da fachada practícase unha grande abertura para un óculo. O piñón aparece rematado polos restos dun Agnus Dei delatado e, sobre el, unha cruz antefixa calada nun bloque de pedra, ben conservado.



Fonte do cruceiro, Morquintián



Fonte de Santa María de Morquintián

## MUXÍA E A LENDA DA PREDICACIÓN.

A primeira lenda que relaciona o concello de Muxía coa tradición xacobea non aparece na literatura conservada ata o século XV, aínda que algúns autores cren que xa foi elaborada a finais do século XI, probablemente desde o veciño Mosteiro de Moraime, para consolidar así o proceso de cristianización iniciado por San Martiño Dumienne no século VI nestas terras celtas. Esta lenda foi recollida por peregrinos como Leo Rosmihal de Blatna no 1466 ou por Nicolás Popielow en 1484.

Esta lenda conta que durante a predicación de Santiago por terras ártabras (segundo os "Breviarios dos Apóstolos" desde finais dos anos 30 ao 42), predicación que foi acollida con hostilidade polas xentes, e despois de facer desaparecer baixo das augas a cidade de Dugium (Dujo, Fisterra), como castigo por no oíren as súas advertencias sobre o culto que rendían ao sol, Santiago Apóstolo, desconsolado, retrírase a rezar á apartada punta de Xaviña en Muxía. Alí aparéceselle a Santísima Virxe, chegada do mar nunha barca de pedra, para reconfortalo. Como proba de amor, a Virxe deu ao Apóstolo unha imaxe súa, á que Santiago ergueu un altar Baixo das pedras daquel lugar. Alí erixiuse unha capela románica base do actual Santuario da Nosa Señora da Barca de Muxía.

Non é casual que este santuario teña aos seus pés, onde escacha o mar, outro santuario natural: as enormes pedras de culto panteísta. En Muxía había asentado alí un centro de culto lítico celta, e as pedras sagradas do templo natural foron asimiladas polo cristianismo como os restos da barca na que a Virxe chegou para consolar ao Apóstolo. Trala cristianización e grazas á Lenda da Predicación convírtese nun dos puntos de chegada dos peregrinos que viñan de Santiago ou de Fisterra e que facían un obrigado alto no pobo de San Martiño de Ozón. Este entorno, pola súa beleza e espiritualidade, foi motivo de inspiración para Rosalía de Castro ou Federico García Lorca.